



Concello Do Carballiño

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS A ASOCIACIÓNS E INSTITUCIÓNS CULTURAIS SEN ÁNIMO DE LUCRO DO MUNICIPIO DO CARBALLIÑO PARA O ANO 2026

Primeira: Obxectivo e finalidade da convocatoria.

1. As presentes bases teñen por obxectivo regular, tomando como marco legal a Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello do Carballiño que se rexe a súa vez pola Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro e Bases de Execución de Orzamento do Concello do Carballiño para 2026, para a concesión en réxime de concorrência competitiva de subvencións a asociacións e institucións culturais do municipio do Carballiño, destinadas á realización de actividades culturais e de animación sociocultural que contribúan ao fomento da cultura.

Segunda: Beneficiarios.

1. Poderán optar a estas subvencións as asociacións e institucións culturais legalmente constituídas, sen ánimo de lucro, con domicilio social no Carballiño e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, ó menos cunha antigüidade mínima de seis meses.

2. Será requisito para solicitar a subvención que a actividade subvencionada se desenvolva no termo municipal do Carballiño, exceptuando actuacións das agrupacións das artes escénicas e musicais que se realizan a máis de 100 km do Carballiño, e que representan ao Concello do Carballiño.

3. Quedan excluídas:

- a) Aquelas agrupacións que na convocatoria do 2025 recibisen algunha outra subvención do concello e non xustificasen o seu investimento.
- b) Aquelas que reciban subvención directa por parte do Concello do Carballiño polo conxunto das actividades que organicen. En ningún caso estas axudas serán compatibles aínda que se trate de actividades distintas para as que se presenten nesta convocatoria.

Terceira: Crédito.

1. O importe total asignado no orzamento municipal que se destina a esta finalidade ascende a 7.000,00 euros con cargo á partida de orzamentos 334.11.480.00 transferencias correntes 2026.

2. A axuda máxima por beneficiario que concederá a Concellería de Cultura será de 3.000 euros.

3. As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas do propio Concello do Carballiño, para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

Cuarta: Obrigas dos beneficiarios

Os beneficiarios das subvencións quedarán obrigados a:

- a) Executar o proxecto ou actividades para as cales se solicitou a subvención entre o 1 de decembro de 2025 ata o 30 de novembro de 2026.
- b) Destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que foron concedidos, debendo comunicar á Área de Cultura o lugar, o día e a hora das actividades subvencionadas. A Área de Cultura poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución das actividades.





Concello Do Carballiño

- c) Comunicar ao Concello do Carballiño a obtención doutras subvencións ou axudas solicitadas e/ou concedidas, tanto públicas como privadas, para o mesmo fin. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación de aplicación dada ós fondos percibidos.
- d) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados, rexistros de socios activos e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ou, se é o caso, os estados contables que garanten o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- f) Acreditar non encontrarse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, e atoparse a entidade ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social (anexo II).
- g) Deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención co logotipo aprobado polo Concello do Carballiño, figurando en toda a información ó respecto (proxecto, carteis, publicidade, publicacións, etc...) a colaboración do Concello do Carballiño, aínda que as actividades fosen realizadas con anterioridade á resolución da presente convocatoria e se se trata de entidades que xa concorreron en convocatorias anteriores. Non obstante, non se esixirá o cumprimento desta obriga no suposto de entidades que concorran por primeira vez nesta convocatoria e as actividades fosen realizadas con anterioridade á resolución da presente convocatoria.
- h) No caso de incumprimentos previstos nos supostos da base cuarta desta convocatoria, e de conformidade co artigo 37 da Lei xeral de subvencións (LXS), procederase ó reintegro dos fondos públicos percibidos ou a minoración da subvención outorgada proporcionalmente á gravidade do incumprimento.

Quinta: Actividades ou proxectos obxecto de subvención.

- a) Calquera actividade cultural relacionada coas artes, as ciencias e as letras.
- b) Aquelas que teñan como finalidade o fomento da realización das seguintes actuación e/ou actividades:
- Animación sociocultural.
 - Actividades de ocio e tempo libre.
 - Publicacións a excepción das publicacións publicitarias.
 - Celebracións artísticas: concertos, recitais, teatro, cine, danza, etc.
 - Celebracións de congresos, encontros, xornadas, foros, conferencias, charlas, mesas redondas, etc. que fomenten a cultura e manteñan o criterio do interese cidadán pola cultura.

Gastos subvencionables:

- Gastos de persoal contratado especificamente para ás actividades.
- Arrendamento de servizos de empresas.
- Servizos técnicos para a realización de actividades.
- Edición de publicacións en distintos soportes, publicidade e difusión das actividades.
- Os gastos protocolarios e de representación, axudas de custo, gastos de viaxe, aloxamento e manutención así como gastos de xestión e administración ordinaria (cátering, agasallos, galardóns,





Concello Do Carballiño

material de oficina, teléfono, mensaxería, comunicacións postais, etc...) derivados da propia organización das actividades obxecto da axuda.

- Os gastos de viaxe das agrupacións das artes escénicas e musicais, en actuacións que represente ao Concello do Carballiño, sempre que a distancia do lugar de destino sexa superior ós 100 km con respecto á casa do concello.

Gastos non subvencionables:

- Realización de obras de construción ou rehabilitación de locais, e os gastos derivados de xantares entre os membros da asociación.

- Gastos realizados en equipamentos (maquinarias, mobiliarios, equipos informáticos...) e en xeral, calquera outro que incremente o patrimonio da entidade beneficiaria.

- Gastos financeiros, gastos de amortización e gastos por tributos.

c) Os gastos para os que se solicite a subvención deberán ter sido efectuados entre o 1 de decembro de 2025 ata o 30 de novembro de 2026, data límite de xustificación.

Sexta: Presentación de solicitudes, prazo e documentación.

1. Os que desexen acollerse a esta orde deberán presentar a correspondente solicitude en modelo normalizado (Anexo I) no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da publicación do extracto da presente convocatoria no BOP trala comunicación efectuada para o efecto na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), mediante instancia dirixida ó alcalde-presidente ou concelleiro delegado da Área de Cultura, no rexistro da sede electrónica do Concello do Carballiño tal como establece o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Ás solicitudes deberán formularse achegando a seguinte documentación:

a) Documentación administrativa:

1. Solicitude dirixida ó alcalde-presidente ou concelleiro delegado de cultura no modelo oficial, recollido no anexo I destas bases.
2. Certificado de inscrición no rexistro de asociacións
3. Estatutos sociais da entidade
4. Fotocopia DNI do representante da entidade
5. Declaración responsable do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de atoparse a entidade ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e coa administración local do Concello do Carballiño. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo II destas bases, e o departamento de cultura xestionará de oficio o certificado municipal de estar ao corrente das obrigas fiscais coa administración local.
6. Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo III.

As entidades solicitantes estarán eximidos de presentar os documentos sinalados nos apartados 2 e 3 cando estes documentos xa obrasen en poder do Concello do Carballiño, agás no caso en que se producisen modificacións no contido dos ditos documentos ou nas circunstancias de feito ou de





Concello Do Carballiño

dereito que se reflicten neles, suposto no que se deberá presentar o novo documento que substitúa ao anterior. Para estes efectos, os solicitantes deberán facer constar na súa solicitude que se acollen expresamente a este dereito, mediante o modelo oficial que figura no anexo IV. Este modelo deberá ser cuberto correctamente para producir efectos.

b) Documentación para a valoración das solicitudes:

Presentarase un proxecto de actividades descritivo a realizar, que conterá, polo menos, a seguinte información:

1. Memoria descritiva da actividades, na que deberán figurar mínimo os seguintes apartados:
 - Descricións das actividades que se van realizar.
 - Obxectivos que se pretenden acadar coa organización da actividade, cuantificados e valorados na medida do posible.
 - Datas de realización das actividades.
2. Anexo V (Resume do Proxecto).
3. Orzamento individualizado e detallado de gastos e ingresos para as actividades que se van realizar (anexo VI).
4. Se é o caso, memoria-resume do desenvolvemento en exercicios anteriores da mesma actividade para a que se solicita subvención, achegando recortes de prensa, fotos, datos sobre o desenvolvemento da actividade e calquera información que sirva para constatar a evolución e incidencia social do programa ou actividade.

Sétima. Procedemento de concesión

1. O procedemento de concesión será o de concorrência competitiva.
2. A instrución do procedemento corresponderalle a os servizos administrativos da Concellería de Cultura.
3. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes o órgano de instrución comprobará a corrección da documentación administrativa achegada. Examinada a documentación, o órgano instrutor concederá ao interesado un prazo de ata dez días hábiles para a emenda das deficiencias detectadas, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no art. 68 da lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas. Para a achega da documentación poderá utilizarse como oficio de remisión o modelo do anexo VII destas bases.
4. Transcorrido o prazo de emenda de deficiencias, procederá conforme ás seguintes regras:
 - a. Para os proxectos nos que non se achegase de modo completo e no prazo establecido a documentación necesaria, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.
 - b. O resto dos proxectos, proporase a súa admisión a trámite, pasando á Comisión de Valoración para que formule o informe/ditame de valoración das solicitudes conforme cos criterios de valoración recollidos na base novena.

Oitava. Comisión de valoración

A comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:





Concello Do Carballiño

- O concelleiro delegado en materia de cultura
- O responsable técnico do Departamento de Cultura

Actuará como secretario/a da comisión un/unha funcionario/a coas funcións propias dun/ha secretario/a de actas.

Novena. Criterios de valoración

1. Para a concesión de subvencións e a fixación da súa contía, a comisión de valoración terá en conta os seguintes criterios:

- Importancia e interese social da actividade cultural ou recreativa en función do seu contido e obxectivos, polo seu recoñecemento oficial como actividade de interese cultural e calquera outra circunstancia análoga: ata un máximo de 10 puntos.
- Grao de innovación das actividades: 2 puntos.
- Carácter continuado e non ocasional do proxecto: ata 10 puntos. Un punto por cada ano de antigüidade a partir do segundo ano.
- Complementariedade cos programas desenvoltos pola área de cultura: 2 puntos.
- Esforzo orzamentario da entidade sen ánimo de lucro: ata 6 puntos
 - Máis de 5.000 €: 6 puntos
 - De 4.000 ata 4.999 €: 5 puntos
 - De 3.000 ata 3.999 €: 4 puntos
 - De 2.000 ata 2.999 €: 3 puntos
 - De 1.000 ata 1.999 €: 2 puntos
 - Menos de 1.000 €: 1 punto
- Esforzo de autofinanciamento realizado polo solicitantes, determinado pola existencia de fonte de autofinanciamento ou financiamento privada da actividade, ata un máximo de 10 puntos.
 - Máis do 80%: 10 puntos
 - Entre 80% e o 61%: 8 puntos
 - Entre 60% e o 41%: 6 puntos
 - Entre o 40% e o 21%: 4 puntos
 - Ata o 20%: 2 puntos
 - Sen autofinanciamento: 0 puntos
- Repercusión social e territorial do proxecto: 6 puntos como máximo.
 - Local: 1 punto
 - Comarcal: 2 puntos
 - Provincial: 3 puntos
 - Autonómica: 4 puntos
 - Nacional: 5 puntos
 - Internacional: 6 puntos
- Número potencial de beneficiarios: máximo 4 puntos
 - Ata 25 participantes: 1 puntos
 - De 26 a 50 participantes: 2 puntos
 - De 51 a 100 participantes: 3 puntos
 - Máis de 100 participantes: 4 puntos

2. Os criterios aplicaranse mediante o emprego de fórmulas obxectivas de carácter automático. O





Concello Do Carballiño

criterio do apartado a) responderá a un xuízo de valor motivada da comisión. O emprego deste criterio considérase xustificado, a fin de poder valorar elementos cualitativos das actividades obxecto de subvención, de imposible valoración obxectiva dada a súa peculiar índole, ao tratarse de actividades culturais.

3. Si as axudas solicitadas para os proxectos fosen por importe inferior ou igual a 7.000,00 €, concederáse o importe total sempre e cando se obteña a puntuación mínima esixida.

De non ser así, o valor económico do punto resultará de dividir o importe máximo da subvención (7.000,00 €) polo total dos puntos obtidos polos solicitantes. A subvención que corresponda a cada proxecto solicitado determinarase multiplicando a puntuación obtida polo valor económico do punto, tendo en conta que ningunha entidade poderá recibir axudas por importe superior á contía solicitada ou ao máximo de 3.000 € establecido por beneficiario.

No suposto en que a valoración asignada a un proxecto exceda do máximo establecido ou da cantidade solicitada, a contía da axuda axustarase ata ese límite.

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das fórmulas e regras anteriores, repartiránse entre o resto de solicitudes que non acadaron o máximo concedido, proporcionalmente aos puntos que ten cada unha delas ata que se esgoten os remanentes.

4. A Comisión de Valoración establecerá a necesidade de obter unha puntuación mínima de 10 puntos para a concesión de subvencións. Quedan excluídas aquelas solicitudes que non acaden a puntuación mínima establecida.

Décima. Resolución

1. A proposta de resolución elaborada polo órgano instructor seralle comunicada aos interesados mediante notificación co fin de que poidan formular as alegacións que estimen oportunas no prazo de 10 días. Poderase prescindir deste trámite se non se teñen en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos solicitantes (anexo VIII). Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva (art. 24.4. da Lei xeral de subvencións).

2. Examinadas, se é o caso, as alegacións, a comisión de valoración emitirá un informe/ditame e, á vista deste, o órgano instructor formulará proposta de resolución definitiva, onde deberán expresarse a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a contía.

3. O órgano competente, neste caso a Xunta de Goberno, á vista da proposta de resolución definitiva, resolverá o procedemento. A resolución, ademais do solicitante ou relación de solicitantes ós que se concede a subvención, fará constar, se é o caso, e de maneira expresa, a desestimación do resto das solicitudes. En todo caso expresarase o beneficiario e, o importe da subvención outorgada, o orzamento subvencionado e a finalidade ou investimento que constitúe o obxecto concreto da subvención outorgada e demais referencias relevantes. Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a propia Xunta de Goberno no prazo dun mes ou directamente ante o orde xurisdiccional contencioso-administrativo recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses dende a notificación da mesma.

4. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de 6 meses nos termos establecidos nos artigos 25 e 26 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e nos artigos 62 e 63 do seu regulamento e en ningún caso poderá exceder do 30 de novembro de 2026.

O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que esta pospoña os seus efectos a unha data posterior. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a





Concello Do Carballiño

resolución, lexitima ós interesados para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo

Undécima: Xustificación e pagamento da subvención.

1. A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención, documentarase a través dunha conta xustificativa (anexo IX), integrada polos seguintes documentos segundo a base 31 das Bases de execución para 2026.

- A) Memoria das actividades realizadas e resultados obtidos.
- B) Acreditación das medidas de difusión adoptadas (mediante presentación de copia de impresións, folletos, cartelería, prensa, etc.)
- C) Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, concepto, importe, data de emisión e data de pagamento.
- D) Relación detallada dos ingresos obtidos para a actividade. No caso de existir desviacións acaecidas verbo do orzamento que se presentou na solicitude, o beneficiario deberá facelo constar na xustificación e motivalo.
- E) Facturas xustificativas dos gastos (copias cotexadas) que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención e estarán datadas no período da subvención. Sobre a factura orixinaria efectuarase un estampillado indicando na mesma a subvención para cuxa xustificación foron presentadas e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención. Neste último caso indicarse ademais a contía exacta que resulte afectada pola subvención.
- F) O pagamento a terceiros poderase acreditar mediante un documento expedido por entidade financeira no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias, cheques, etc.), e só excepcionalmente poderán utilizar o pago en metálico en cuxo gasto no documento deberán constar o selo de pagado, selo do proveedor debidamente asinado, con nome, apelidos e DNI da persoa que recibiu o pagamento. En ningún caso os pagos en metálico poderán superar os 300 € por proveedor e os 1.000 € en computo global da subvención outorgada.
- G) A xustificación de premios monetarios deberase acreditar coa acto da decisión do xurado xunto cos xustificantes bancarios do pagamento aos beneficiarios dos premios.
- H) Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin indicando o importe e procedencias ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo fin.
- I) Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.
- J) Declaración responsable de estar ao corrente coa facenda estatal, autonómica e coa seguridade social (anexo II)

2. O órgano competente para a comprobación da xustificación da subvención será o órgano instructor, e materializarase na emisión dun informe que acredite a adecuación da xustificación, así como a realización da/das actividade/s e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención. Este informe achegarase á conta xustificativa.

3. Os beneficiarios das subvencións presentarán inescusablemente, no rexistro xeral do concello, as xustificacións antes do 1 de decembro de 2026. En ningún caso poderá efectuar o pagamento das





Concello Do Carballiño

subvencións sen que se teña presentada e aprobada a xustificación correspondente ao orzamento total do proxecto de actividades.

4. No caso de que a entidade beneficiaria non dispoña de recursos económicos suficientes para realizar os pagos necesarios antes do vencemento do prazo de xustificación, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa, sempre que se presente a declaración xurada a tal efecto.

Non obstante, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención municipal poderá realizar procedementos de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario.

5. No suposto en que só se xustifique a execucións parcial do orzamento total do proxecto, a subvención reducirase proporcionalmente.

6. Se a suma da subvención municipal máis os ingresos por outros conceptos (subvencións, axudas tanto públicas como privadas) supere o 100% do custo da actividade a subvención será reducida ata chegar ao 100% do custo.

7. Poderanse presentar xustificacións parciais que darán lugar ó libramento parcial polo importe debidamente xustificado do proxecto.

8. De haber deficiencias emendables na conta xustificativa, concederase un prazo de 10 días hábiles para a súa emenda conforme ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

9. Se a conta xustificativa fose presentada correctamente, mediante acordo da Xunta de goberno Local, declararase xustificada a subvención.

Duodécimo: Infraccións e sancións

En materia de infraccións e sancións ateranse ao disposto no Capítulo IX da Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello do Carballiño (BOP nº 49, de 2 de marzo de 2005).

Disposicións finais

Primeira.- En todo o non disposto nestas bases seralles de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á Administración local, así como na lexislación vixente en materia de procedemento administrativo común das administracións públicas e do réxime xurídico do sector público.

Segunda.- A presente convocatoria publicarase no BOP para os efectos de cumprimento do requisito de publicidade.

O Carballiño, setembro de 2026
Asdo.: José Rafael Castro-Gil Seijas





Concello Do Carballiño

ANEXO I

SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS A ASOCIACIÓNS E INSTITUCIÓNS CULTURAIS SEN ÁNIMO DE LUCRO DO MUNICIPIO DO CARBALLIÑO PARA O ANO 2026

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE			
ENTIDADE:		CIF:	
ENDEREZO:	C.P.:	PROVINCIA:	
TELÉFONO/S:	E-MAIL:		
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN LEGAL (deberá acreditarse a súa representación)			
NOME:	APELIDOS:	TELÉF. MÓBIL:	TEL. FIXO:
Cubrir só se este enderezo postal é o elixido para notificacións			
ENDEREZO:	C.P.:	PROVINCIA:	

EXPÓN:

Que esta entidade á que represento cumpre todo os requisitos esixidos na convocatoria de subvencións para a organización de actividades culturais destinadas ás asociacións e institucións culturais sen ánimo de lucro do municipio do Carballiño para o ano 2026.

Que asume todos os compromisos que se expoñen na devandita convocatoria e acompaña a documentación esixida na mesma.

SOLICITA SUBVENCIÓN PARA O SEGUINTE PROXECTO:

NOME DO PROXECTO	
ORZAMENTO DO PROXECTO	€
CONTÍA SOLICITADA	€

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

- ☐ Copia cotexada do CIF da entidade se é o caso.
- ☐ Certificado de inscrición no rexistro de asociacións se é o caso
- ☐ Estatutos sociais da entidade se é o caso
- ☐ Fotocopia DNI do representante da entidade
- ☐ Anexo II (Declaración responsable do cumprimento de obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e coa administración local do Concello do Carballiño)
- ☐ Anexo III (Declaración doutras axudas concedidas ou solicitadas para as mesmas actividades)
- ☐ Memoria descritiva das actividades
- ☐ Anexo IV (Documentación en poder do Concello)
- ☐ Anexo V (Resumo-proxecto)
- ☐ Anexo VI (Orzamento individualizado e detallado de ingresos e gastos)
- ☐ Memoria-resume de actividades da edición anterior se é o caso

ANEXO I

Concello Do Carballiño

Praza Maior, 1, O Carballiño. 32500 (Ourense). Tfno. 988530007. Fax: 988530008



Cod. Validación: 4GGJFPC2D4LMPCPLYMOQFM9ZX
Corrección: https://carballino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 19



Concello Do Carballiño

(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Concello do Carballiño. Concellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actuación da información e contidos da carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.carballino.gal/proteccion-de-datos . Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas, no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica do Concello do Carballiño ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.carballino.sedelectronica.gal/privacv

Actualización normativa: no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativa ao Regulamento xeral de protección de datos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 16 de setembro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións a asociacións e institucións culturais do municipio do Carballiño, destinadas á realización de actividades culturais e de animación sociocultural que contribúan ao fomento da cultura, e se convocan para o ano 2026.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

O Carballiño, _____ de _____ de 2026

Cod. Validación: 4GGJFPC2D4LMPCLYMOQFM9ZX
Corrección: <https://carballino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 19

Concello Do Carballiño

Praza Maior, 1, O Carballiño. 32500 (Ourense). Tfno. 988530007. Fax: 988530008





Concello Do Carballiño

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS TRIBUTARIAS E FRONTE A Á SEGURIDADE SOCIAL E DE NON TER PENDENTE DE PAGAMENTO NINGUNHA OUTRA DÉBEDA COA ADMINISTRACIÓN LOCAL DO CONCELLO DO CARBALLIÑO

DON/DONA	DNI
En representación da entidade:	CIF

DECLARO:

Que a entidade á que represento non se atopa incurso en ningunha das prohibicións de obtención de subvencións do Concello do Carballiño ás que se refire o artigo 13 da Lei xeral de subvencións, e atópase ao día no cumprimento de obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa administración local do Concello do Carballiño.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

O Carballiño, _____ de _____ de 2026





Concello Do Carballiño

ANEXO III

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS CONCEDIDAS OU SOLICITADAS

DON/DONA	DNI
En representación da entidade:	CIF

DECLARO:

Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para as mesmas actividades para o que se solicita esta subvención, sexa pública ou privada.
- ☐ Si se solicitou e/ou ten concedidas outras axudas para as mesmas actividades para o que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO OU ENTIDADE AO QUE SOLICITA	DATA DE SOLICITUDE	CONCESIÓN (1)	IMPORTE
(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase pendente na columna No caso de solicitudes denegadas, farase constar denegada			

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

O Carballiño, _____ de _____ de 2026





Concello Do Carballiño

ANEXO IV

Don/Dona _____ con DNI _____,

En nome e representación da entidade _____, en relación coa documentación administrativa da solicitude de subvencións a entidades en ánimo de lucro para asociacións e institucións culturais do municipio de Carballiño, destinadas á realización de actividades culturais e de animación sociocultural para o ano 2026, fago constar:

1º.- Que os seguintes documentos xa obran en poder do Concello do Carballiño, ao ter sido presentados en procedementos anteriores (sinalar cun X os documentos de que se trate, dos que figuran a continuación):

- ☐ Copia cotexada do CIF da entidade
- ☐ Certificado de inscrición no rexistro de asociacións
- ☐ Estatutos sociais da entidade

2º.- Que o contido dos ditos documentos conserva a súa plena validez, ao non seren modificados con posterioridade á data da súa emisión nin se modificaren as circunstancias de feito ou de dereito que neles se reflicten.

3º.- Que, polo exposto, se acolle ao dereito recoñecido no artigo 53.d) da lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, a non presentar os ditos documentos nesta convocatoria.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

O Carballiño, _____ de _____ de 2026





Concello Do Carballiño

ANEXO V

RESUMO DO PROXECTO

NOME DO PROXECTO	
-------------------------	--

A) TIPO DE ACTIVIDADE (importancia e interese cultural das actividades)	
---	--

B) GRAO DE INNOVACIÓN DA ACTIVIDADE	
-------------------------------------	--

C) CARÁCTER CONTINUADO E NON OCASIONAL (nº de edicións se é o caso)	
---	--

D) COMPLEMENTARIEDADE COS PROGRAMAS DESENVOLTOS POLA ÁREA DE CULTURA	
--	--

E) ESFORZO ORZAMENTARIO DA ENTIDADE (custo total do proxecto)	€
---	---

F) ESFORZO DE AUTOFINANCIAMENTO	
Cantidade solicitada	€
Financiamento propio	€
Axudas públicas	€
Axudas privadas	€

G) REPERCUSIÓN SOCIAL E TERRITORIAL DO PROXECTO (marcar X onde corresponda)	
☐ Local	☐ Autonómica
☐ Comarcal	☐ Nacional
☐ Provincial	☐ Internacional

H) NÚMERO POTENCIAL DE BENEFICIARIOS DAS ACTIVIDADES	
☐ Ata 25 participantes	
☐ De 26 a 50 participantes	
☐ De 51 a 100 participantes	
☐ Máis de 100 participantes	

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

O Carballiño, _____ de _____ de 2026

Concello Do Carballiño

Praza Maior, 1, O Carballiño. 32500 (Ourense). Tfno. 988530007. Fax: 988530008





Concello Do Carballiño

ANEXO VI

RELACIÓN DE GASTOS E INGRESOS

NOME DO PROXECTO	
------------------	--

GASTOS (Concepto)	IMPORTE	INGRESOS (Procedencia)	IMPORTE
TOTAL		TOTAL	

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

O Carballiño, _____ de _____ de 2026

Naqueles casos nos que o cadro da relación de gastos e ingresos non sexa suficiente para confeccionar a mesma, deberase cubrir outro documento anexo

Concello Do Carballiño

Praza Maior, 1, O Carballiño. 32500 (Ourense). Tfno. 988530007. Fax: 988530008

Cod. Validación: 4GGJFPC2D4LMPCPLYMOQFM9ZX
Corrección: <https://carballino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 19





Concello Do Carballiño

ANEXO VII

DON/

DONA _____

_con DNI _____, en representación da entidade
_____ con CIF _____,

achégolle a documentación solicitada para unir ao expediente de solicitude de subvención para a organización de actividades culturais a entidades e institucións culturais sen ánimo de lucro para o ano 2026.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

O Carballiño, _____ de _____ de 2026





Concello Do Carballiño

ANEXO VIII

ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA AXUDA

DON/

DONA _____

con DNI _____, en representación da entidade
_____ con CIF _____.

DECLARA

Que lle foi notificado acerca da resolución de concesión en réxime de concorrência competitiva de subvencións a asociacións e institucións culturais do municipio do Carballiño, destinadas á realización de actividades culturais e de animación sociocultural que contribúan ao fomento da cultura para o ano 2026, e de acordo co disposto na base 10ª.1, para a execución das actividades correspondentes ao proxecto denominado _____.

Que se dá por notificado, e decatado nos termos establecidos na Resolución de data _____, así como no establecido nas bases e convocatoria que regulan ditas axudas e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

MANIFESTA

☐ Que ACEPTA A AXUDA nos termos e condicións sinalados na resolución e se compromete a cumprir todas as obrigas esixidas ás persoas beneficiarias nas bases reguladoras e convocatoria e nas demais normas de aplicación.

☐ Que REXEITA A AXUDA.

Sinatura da persoa representante

O Carballiño, _____ de _____ de 2026

ANEXO IX

Concello Do Carballiño

Praza Maior, 1, O Carballiño. 32500 (Ourense). Tfno. 988530007. Fax: 988530008





Concello Do Carballiño

CONTA XUSTIFICATIVA

DATOS DO SOLICITANTE			
Nome/apelidos:		DNI:	
En representación da entidade:		CIF:	
Enderezo:	C.P.:	Localidade:	
Teléfono:	e-mail:		

DECLARA

1. Que para a/as actividade/s _____ lle foi concedida unha axuda de _____ euros e se realizaron os gastos que se relacionan na seguinte conta xustificativa:

	Provedor/ empresa	Concepto	CIF	Núm. factura	Data de emisión	Data pagamento	Forma de pagamento (efectivo/tranfe rencia bancaria)	Importe
1								
2								
3								
4								
5								
6								

TOTAL	
-------	--

2. Achéganse as facturas orixinais e/ou outros documentos contables acreditativos dos gastos e documentos expedidos polas entidades financeiras no que queda identificado o beneficiario, importe, data de emisión e forma de pagamento.
3. Que os gastos das facturas que se presentan como xustificantes son reais e foron aplicadas á finalidade subvencionada.

4. Que a esta asociación/entidade ☐ SI / ☐ NON se lle concederon outras axudas ou subvención s para a mesma finalidade.

Relación de axudas concedidas

Organismo ou entidade ao que solicita	Data de solicitude	Concesión (1)	Importe

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase pendente na columna. No caso de solicitudes denegadas, farase constar denegada

Cod. Validación: 4GGJPC2D4LMPCPLYMOQFM9ZX
Corrección: https://carballino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 19





Concello Do Carballiño

5. Que o importe das subvencións concedidas das diversas institucións para a actividade non supera o importe total dos gastos devengados.
6. Que as achegas de fondos propios da entidade organizadora é de _____ euros.
7. Que o custo total das actividades ascende á _____ euros.
8. Que a entidade ten ingresos para o desenvolvemento da actividade por un importe de _____ euros.
9. Que se fixo a debida divulgación do financiamento do Concello nas actividades subvencionadas.

Sinatura do representante

O Carballiño, _____ de _____ de 2026

Naqueles casos nos que o cadro da conta xustificativa non sexa suficiente para confeccionar a mesma, deberase cubrir outro documento anexo

